Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR A CHMS E AO CONCELLO DE MONFORTE AO CORRECTO MANTEMENTO DOS REGATOS E CURSOS DE AUGA QUE TRANSCORREN POR MONFORTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os ríos, regatos e pequenos cursos de auga que atravesan o termo municipal de Monforte de Lemos constitúen un elemento fundamental do noso patrimonio natural e cumpren unha importante función ambiental, paisaxística e de regulación e evacuación das augas.

Entre eles atópanse os regatos das Malloadas, Penela e Zapardiel, ademais do río Cabe e doutros pequenos cursos de auga que discorren polo termo municipal.

O adecuado mantementodestes leitos resulta especialmente importante para evitar a acumulación de residuos, ramas, árbores caídas, vexetación ou outros obstáculos que poidan dificultar o normal discorrer das augas e favorecer situacións de risco,

especialmentedurante episodios de chuvias intensas, como aconteceu no inverno pasado.

No caso de Monforte de Lemos, a delimitación de responsabilidades entre administracións foi obxecto de debate en anteriores sesións plenarias. De feito, no pleno municipal do 29 de xullo de 2019 xa se abordou a necesidade de limpar os ríos e regatos que atravesan o municipio, poñéndose de manifesto a necesidade de diferenciar entre os tramos urbanos cuxa conservación corresponde ao Concello e aqueles nos que corresponde intervir á Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Neste senso, resulta especialmente relevante que o Concello de Monforte e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil veñen desenvolvendo actuacións sobre os regatos das Malloadas, Penela e Zapardiel, dentro do proxecto dunha senda peonil e de restauración ambiental de máis de catro quilómetros. O proxecto contempla a recuperación ambiental destes tres regatos e a mellora das súas marxes.

Sen embargo, atopámonos ante un novo proxecto controvertido deste equipo de goberno, pois esta senda afecta ata a 68 propiedades e derruba tres vivendas; motivo polo que non sabemos cal vai a ser o seu percorrido, e máis, tras escoitar as declaracións do presidente da CHMS garantindo que pola súa banda non se van derrubar casas e se é necesario modificarán o proxecto.

Por este motivo, vemos necesario que se elabore un plan de mantemento e se execute antes de que veñan as intensas choivas que se sucederon o inverno pasado, sen esperar a construír unha senda que poida que non se leve a cabo.
O primeiro debe ser manter os cauces, e unha vez feito, xa se estudiará a mellor maneira de construír a senda peonil,

Por todo o exposto, presentamos as seguintes propostas de acordos para o seu debate e aprobación:

PRIMEIRO. Instar á ConfederaciónHidrográficaMiño-Sil e ao Concello de Monforte a realizar unha inspección dos regatos e leitos fluviais da súa competencia, que discorren polo termo municipal de Monforte de Lemos, co obxecto de identificar aqueles treitos que presenten acumulación de vexetación, residuos, ramas, árbores caídas, sedimentos ou outros obstáculos que poidan dificultar o normal discorrer das augas.

SEGUNDO. Instar á ConfederaciónHidrográficaMiño-Sil e o Concello de Monforte de Lemos a programar e executar, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e de acordo coa normativa ambiental, as actuacións de conservación, mantemento e limpeza que resulten tecnicamente necesarias nos leitos da súa competencia.